



POLAFÍA NA GUARDA, HOXE VENRES ÁS 20H. NO CENTRO CULTURAL

Fecha: 16/11/2012

Fuente: www.aguarda.es

Baixo o nome de –Polafía-, a Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración con Ponte nas Ondas e o Concello da Guarda celebrará un encontro para recuperar o noso patrimonio oral.

Desde 2007, a Asociación de Escritores en Lingua Galega desenvolve, a través da súa sección de Literatura Oral, as polafías, unha iniciativa que pretende a través de encontros por toda a xeografía galega recoller os contos, cancións e historias populares. Estes encontros son gravados en vídeo e subidos á rede.

O termo polafía é un neoloxismo, referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. Como neoloxismo quere reunir no seu significado os matices de vellas palabras como polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos.

Este venres chegará á Guarda un destes encontros, no que teremos a oportunidade de disfrutar coa recuperación dos nosos valores tradicionais. Durante 90 minutos escoitaremos falar as xentes da nosa vila e comarca sobre as cuestións máis cotidianas, pero que mor do cambio na forma de vida están a piques de perderse. Historias sobre o modo de vida tradicional, os oficios, o noso patrimonio, e como no os contos e a música popular, encherán a velada do venres no Centro Cultural guardés. A velada será presentada e moderada por José Font (director de Radio Tui).

Se queredes saber máis sobre esta interesante proposta podeades achegarvos á páxina da [AELGA](http://www.aelga.es), onde se atopan os vídeos das polafías desenvoltas ata o día de hoxe.



Polafía na Guarda

De costa a costa: historias do mar que amamos

Venres, 16 de novembro, ás 20:00 horas
Centro Cultural da Guarda
Rúa Rosalía de Castro, 14

ENTRADA LIBRE

Coa participación de

- Carmen Baz, redeira
- Xurxo Chirro, *Aproximacións modernas ao patrimonio*
- Xosé Lois Vilar, *Talasonimia, os nomes do mar en Galicia e Portugal*
- Praxiteles González Martínez, *Cavaqueiro do Rosal*
- José Benito Rodríguez González, "Tito Chirro" (maríneiro)
- Xerardo Santomé e Camilo, *Treboada de Tomiño*
- María Aurora Botao Pereira, *O nascimento da pesca en V.P. de Ancora e o contributo de A Guarda*

Música

Tino Baz e Grupo de Pandereteiras Xamaraina

Rimas populares lidas por Isidro Novo

Presenta

Jose Font, director de Radio Tui

Colaboran

Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!
Concello da Guarda

Co patrocinio de

Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria)